

PLAN XERAL ANUAL

**CEIP Nosa Sra. De Xuvencos
Boborás**

Curso 2009/2010

ÍNDICE

ESTRUTURA ORGÁNICA DO CENTRO:

- I.- Equipo Directivo.
- II.- Claustro de Profesores.
- III.- Tutorías.
- IV.- Áreas e niveis impartidas por cada profesor.
- V.- Coordinadores.
- VI.- Equipo de Actividades Complementarias.
- VII.- Comisión de Coordinación Pedagóxica.
- VIII.- Equipo de Normalización Lingüística.
- IX.- Horario.
- X.- Aula de informática
- XI.- Relixión
- XII.- Aula de Apoio.
- XIII.- Reunións.
- XIV.- Alumnado de Prácticas.
- XV.- Horas de visita e atención aos pais.
- XVI.- Entrega de Notas.
- XVII.- Libros de Texto.
- XVIII.- Faltas de asistencia.
- XIX.- Uso das instalacións escolares.
- XX.- Transporte Escolar.
- XXI.- Comedor Escolar.
- XXII.- O Consello Escolar.
- XXIII.- Comisión de convivencia.
- XXIV.- Comisión de avaliación diagnóstica.
- XXV.- Días non lectivos.
- XXVI.- Biblioteca escolar.
- XXVII.- Actividades complementarias:
 - 1.- Biblioteca.
 - 2.- Festividades.
 - 3.- Actividades Culturais.
 - 4.- Actividades deportivas.
 - 5.- Outras
 - 6.- Visitas e Excursións.
- XXVIII.- Plano de autoprotección do Centro.
- XXIX.- Proxecto lingüístico.
- XXX.- Proxecto lector.
- XXXI.- APPCC
- XXXII.- Protocolo Gripe A

PLAN PEDAGÓXICO.

APROBACIÓN.

- ANEXO I PLAN DE ORIENTACIÓN.**
- ANEXO II PROXECTO LINGÜÍSTICO**
- ANEXO III PROXECTO LECTOR**
- ANEXO IV APPCC**

ESTRUTURA ORGÁNICA DO CENTRO:

I.- EQUIPO DIRECTIVO:

- Directora: Dona María Sánchez Seco

II.- CLAUSTRO DE PROFESORES:

- Dna. María Sánchez Seco
- Dna. Mercedes Martínez Biozca
- D. Norberto Blanco Dorrió
- Dona Pilar González Iglesias
- D. Alberto Pernas Pérez
- Dna. M^a del Carmen Hernández Moure
- Dna. Ana M^a Cibeira Fernández
- D. Javier López Domínguez
- D. Eladio Rodríguez Rodríguez

III.- TITORÍAS:

- Ed. Infantil..... Dna. Ana M^a Cibeira Fernández
- 1º e 2º de Primaria..... Dna. M^a del Carmen Hernández Moure
- 3º e 4º de Primaria..... Dona Pilar González Iglesias
- 5º e 6º de Primaria..... Dna. Mercedes Martínez Biozca

IV.- ÁREAS/NIVEIS IMPARTIDOS POR CADA PROFESOR:

- Dna. Mercedes Martínez Biozca
 - En 5º e 6º de E. Primara: Matemáticas, C. Do Medio, L. Castelá, Galego, Atención educativa e Educación Para a Cidadanía.
- Dna. M^a del Carmen Hernández Moure
 - En 1º e 2º de E. Primara: L. Castelá, Galego.
 - Música en todos os niveis de E. Infantil e E. Primaria.
 - Plástica en todos os niveis de E. Infantil e E. Primaria.
 - Atención educativa en Ed. Infantil.
- D. Javier López Domínguez

- En 1º e 2º de E. Primaria: Matemáticas, C. do Medio.
 - Educación Física todos os niveis de E. Infantil e E. Primaria.
 - Informática en Ed. Infantil e 1º Ciclo.
- Dña. Ana Mª Cibeira Fernández
 - Educación Infantil 3, 4 e 5 anos.
- D. Alberto Pernas Pérez.
 - Apoio e reforzo educativo en todos os niveis de E. Infantil e E. Primaria.
- Don Eladio Rodríguez Rodríguez
 - Educación relixiosa en todos os niveis de E. Infantil e E. Primaria.
- D. Norberto Blanco Dorrío
 - Orientador, con permanencia no centro os martes e xoves de cada semana.
- María Sánchez Seco
 - Lingua inglesa en todos os niveis de E. Infantil e E. Primaria.
 - Atención educativa en Educación Infantil.

V.- COORDINADORES :

- **De Ciclo:**

Ed. Infantil:

- Dña. Ana Mª Cibeira Fernández

Educación Primaria:

- 1º Ciclo: D. Javier López Domínguez
- 2º Ciclo: Dña. Pilar González Iglesias.
- 3º Ciclo: Dña. Mercedes Martínez Biozca

- **De formación de profesorado:**

- Norberto Blanco Dorrío

VI.- EQUIPO DE ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS:

Por ter o Centro catro unidades, a coordinación de actividades complementarias e extraescolares asúmea a dirección do Centro e a el pertencen todos e todas os mestres do claustro.

VII.- COMISIÓN DE COORDINACIÓN PEDAGÓXICA:

Coordinador..... Dona María Sánchez Seco
Membros..... Todos e todas os mestres do Centro.

VIII.- EQUIPO DE NORMALIZACIÓN DINAMIZACIÓN LINGÜÍSTICA:

A coordinación do Equipo de Normalización e Dinamización Lingüística tamén é asumida pola dirección do Centro, e pertencen a el todo o profesorado.

Os **obxectivos** que persegue este Equipo son fundamentalmente tres:

- Dar a coñecer e cumprir a normativa vixente no relativo á lingua galega: documentos, carteis, libros de texto, actas...
- Tratar de que o galego que se empregue habitualmente no Centro na lingua oral, sexa o máis próximo posible ao galego normativo, para que lles sexa máis doado á hora de escribilo.
- Darlles a coñecer, e que lle encontren gusto á lingua, cultura e literatura galegas.

Segue vixente o Proxecto Lingüístico do Centro que foi aprobado no curso 2008/09.

IX.- HORARIO:

O horario de clase é o imposto pola Delegación Provincial de Educación, de 09,15 a 13:45 e o comedor ata as 14,15 horas nos meses de setembro e xuño.

O resto dos meses do curso desenrolarase en dúas sesións: Unha matinal de 9,45 a 12,55 horas, e outra pola tarde de 14,10 a 16,00 horas, con servizo de comedor de 12,55 a 14,10 horas.

Os horarios de aula e os individuais dos mestres son os que están reflectidos no DOC.

X.- TICS

Procurarase que todos os alumnos utilicen a aula de informática ben co titor, ou ben cos mestres especialistas.

En Ed. Infantil e 1º ciclo de Ed. Primaria o mestre Javier López Iglesias impartirá unha hora semanal no aula de informática.

Este ano continuarase actualizando a Páxina Web do Colexio que elaboramos o ano pasado. Trataremos de participar en concursos sobre proxectos educativos relacionados coas TICs, feito que aproba o Consello Escolar.

Continuaremos pedindo por escrito, ás familias do novo alumnado, que dean a súa autorización para poder aparecer imaxes nesta páxina, dado que a normativa sobre a protección da imaxe dos menores o esixe.

XI.- RELIXIÓN:

A área de Relixión será impartida, en todos os niveis, por Don Eladio Rodríguez Rodríguez, os luns e martes.

XII.- ALUMNADO CON NECESIDADES EDUCATIVAS ESPECIAIS:

Este curso, a Consellería dotounos cun mestre especialista en AL, Alberto Pernas Pérez, 4 días á semana: luns, martes, xoves e venres. Este mestre realizará tamén funcións propias do especialista en PT, xa que non foi dotada dita praza. Realizará apoios e reforzo educativos, segundo se establece no DOC e no plan de orientación, tanto dentro do aula como fora dela.

XIII.- REUNIÓN:

Durante o presente curso escolar o profesorado do Centro manterá as seguintes reunións nos días e datas que se sinalan a continuación:

- TITORÍA: Xoves de 12,55 a 13,55 h.
- COORDENACIÓN: Todos os martes de 12,55 a 13,55 h.
 - Comisión de C. Pedagóxica: 1º martes de mes de 12,55 a 13,55 h.
 - De Ciclos: o 2º martes de mes de 12,55 a 13,55 h.
 - Equipo de N. Lingüística: 3º martes de mes de 12,55 a 13,55 h.
 - Departamento de Orientación: 4º martes de mes de 12,55 a 13,55 h.
 - Equipo de actividades complementarias: Este equipo celebrará, como mínimo, tres reunións ao longo do ano, nos meses de setembro, marzo e maio, para planifica-las distintas actividades extraescolares e que as aprobe a tempo o Consello Escolar.
- Celebraranse tres reunións de avaliación, con todos os Profesores que inciden en cada nivel, sempre dous ou tres días antes de cada Avaliación.
- Claustro de Profesores reunirse , como mínimo tres veces ao ano, no mes de setembro, xaneiro e xuño, e sempre que se considere necesario.
- Consello Escolar tamén se reunirá, como mínimo tres veces ao ano, en outubro, xaneiro e xuño, e sempre que se considere oportuno.

- Manterase, cara finais de curso, unha reunión xeral cos pais de alumnos, para planificar determinados aspectos do vindeiro curso: Comedor escolar, Programa de Gratuidade de Libros de Texto...

XIV.- ALUMNADO DE PRÁCTICAS:

Como xa vén sendo habitual, en anos anteriores, se se dá o caso de que algún alumno ou alumna solicita facer as “Prácticas” no noso Centro, acordamos aceptalos ata un máximo de un por Ciclo ao mesmo tempo, e sempre seguindo as orientacións do equipo encargado.

Este ano realizará as práctica durante o primeiro trimestre Leticia Civeira Fernández pola especialidade de Ed. Primaria.

XV.- HORAS DE VISITA E ATENCIÓN AOS PAIS, NAIS OU TITORES LEGAIS:

Acórdase que se recibirá aos pais, nais e titores do alumnado os xoves entre as 12,55 e as 13,55 h. horas, pedindo cita con anterioridade e en casos excepcionais recibiranse durante o recreo, sempre que non interfira nas obrigas propias da nosa tarefa docente.

Tamén se recibirán despois de cada avaliación, para recibir unha explicación máis exhaustiva da marcha dos seus fillos por parte do titor.

Non pretendemos con este horario dificultar a relación que debe existir entre os pais e o titor, senón que por atender a un pai/nai, non se interrompa o noso labor co resto dos alumnos.

A pesares de todo isto, haberá unha certa flexibilidade, dada a dificultade que teñen moitos para desprazarse, xa que o que importa moitas veces é ese contacto.

XVI.- ENTREGA DE NOTAS:

Nos últimos anos estamos a seguir o método de entregar aos pais e nais as notas o último día do trimestre, aproveitando así, para falar co correspondente titor. Ese día non hai clase ordinaria, aínda que os nenos poden asistir cos seus pais á entrevista co titor. O sistema está a dar bos resultados, polo menos no caso dos máis remisos a pasar polo Centro, polo que continuaremos con el.

Este ano os días de entrega de notas serán:

- Primeira Avaliación o día 22 de Decembro
- Segunda Avaliación o día 26 de marzo.
- Terceira Avaliación será o 22 de xuño.

XVII.- LIBROS DE TEXTO:

EDUCACIÓN INFANTIL

NENOS DE INFANTIL DE 3 ANOS (Curso 2009/10)

LIBRO DE FICHAS PAPAPAPÚ 3 ANOS- ED. XERAIS
INGLÉS: A TRIP WITH PIT- PAPAPAPÚ ENGLISH-Pre- Primary
LEVEL A, ED. ALGAIDA
RELIXIÓN: ANAYA (galego)

NENOS DE INFANTIL DE 4 ANOS (Curso 2009/10)

LIBRO DE FICHAS PAPAPAPÚ 4 ANOS- ED. XERAIS.
INGLÉS: A TRIP WITH PIT- PAPAPAPÚ ENGLISH-Pre- Primary
LEVEL A, ED. ALGAIDA
RELIXIÓN: ANAYA(galego)

NENOS DE INFANTIL DE 5 ANOS (Curso 2009/10)

LIBRO DE FICHAS PAPAPAPÚ 5 ANOS- ED. XERAIS
LEO CON ALEX Nº 2,3- ED. EVEREST
LEO CON ALEX (ESCRIBO) Nº 2
INGLÉS: A TRIP WITH PIT- PAPAPAPÚ ENGLISH-Pre- Primary
LEVEL B, ED. ALGAIDA
RELIXIÓN: ANAYA (galego)

PRIMEIRO CURSO DE PRIMARIA (Curso 2009/10)

TIRA DA LINGUA Nº 1,2,3 – ANAYA
RELIXIÓN CATÓLICA 1: ANAYA (EN GALEGO)
MÚSICA - XOGRAR 1 . GALINOVA
CASTELÁN – LENGUA 1 (SALTA A LA VISTA) ANAYA
PLÁSTICA 1 GALICIA . ANAYA
INGLÉS COOL KIDS 1 CLASS BOOK + MULTIROM. OXFORD.

SEGUNDO CURSO DE PRIMARIA (Curso 2009/10)

TIRA DA LINGUA Nº 4, 5, 6 - ANAYA
RELIXIÓN CATÓLICA 2. ANAYA (EN GALEGO)
MÚSICA – XOGRAR 1 . GALINOVA.
CASTELÁN – LENGUA 2 (SALTA A LA VISTA) ANAYA
PLÁSTICA 2 GALICIA. ANAYA
INGLÉS COOL KIDS 1 CLASS BOOK + MULTIROM. OXFORD
LIBRO DE LECTURAS 2-GALEGO DE ANAYA

TERCEIRO CURSO DE PRIMARIA (Curso 2009/10)

LINGUA GALEGA 3– ANAYA (SERIE ABRE A PORTA)
RELIXIÓN 3. ANAYA (SERIE ABRE A PORTA . EN GALEGO)
LENGUA CASTELLANA 3 – ANAYA (SERIE ABRE LA PUERTA)
COÑECEMENTO DO MEDIO 3 – ANAYA (SERIE ABRE A PORTA)
MATEMÁTICAS 3– ANAYA (SERIE ABRE A PORTA. EN GALEGO)
MÚSICA. STEP BY STEP (LIBRETO DO ALUMNO).EDITORIAL:
FUZEAU (EN CASTELÁN)
INGLÉS –COOL KIDS 3
CLASS BOOK.COOL KIDS 3 ACTIVITY BOOK + MULTIROM .
OXFORD
PLÁSTICA – ANAYA (SERIE ABRE A PORTA. EN GALEGO)

CUARTO CURSO DE PRIMARIA (Curso 2009/10)

LINGUA GALEGA 4 – ANAYA
RELIXIÓN CAT. 4 – ANAYA (SERIE ABRE A PORTA. EN
GALEGO)
LENGUA CASTELLANA 4– ANAYA (SERIE ABRE LA PUERTA)
COÑECEMENTO DO MEDIO 4 – ANAYA (SERIE ABRE A PORTA)
MATEMÁTICAS 4 – ANAYA (SERIE ABRE A PORTA. EN
GALEGO)
MÚSICA – STEP BY STEP (LIBRETO DO ALUMNO). EDITORIAL:
FUZEAU (EN CASTELÁN)
INGLÉS – COOL KIDS 4 CLASS BOOK)
COOL KIDS 3 ACTIVITY BOOK + MULTIROM.
PLÁSTICA – ANAYA (SERIE ABRE A PORTA. EN GALEGO)

QUINTO CURSO DE PRIMARIA (Curso 2009/10)

LINGUA GALEGA 5- ANAYA (SERIE ABRE A PORTA)
LENGUA CASTELLANA 5- ANAYA (SERIE ABRE LA PUERTA)
COÑECEMENTO DO MEDIO 5- ANAYA (SERIE ABRE A PORTA)
MATEMÁTICAS 5- ANAYA (SERIE ABRE A PORTA,GALEGO)
RELIXIÓN CATÓLICA 5- ANAYA (SERIE ABRE A
PORTA,GALEGO)
PLÁSTICA 5-ANAYA (SERIE ABRE A PORTA,GALEGO)
MÚSICA- STEP BY STEP (LIBRETO DO ALUMNO) EDITORIAL:
FUZEAU (CASTELÁN)
INGLÉS- COOL KIDS 5 CLASS BOOK EDITORIAL OXFORD.
COOL KIDS ACTIVITY BOOK 4º+ MULTIROM – OXFORD

SEXTO CURSO DE PRIMARIA (Curso 2009/10)

LINGUA GALEGA 6- ANAYA (SERIE ABRE A PORTA)
LENGUA CASTELLANA 6- ANAYA (SERIE ABRE LA PUERTA)
COÑECEMENTO DO MEDIO 6- ANAYA (SERIE ABRE A PORTA)
MATEMÁTICAS 6- ANAYA (SERIE ABRE A PORTA,GALEGO)
RELIXIÓN CATÓLICA 6- ANAYA (SERIE ABRE A
PORTA,GALEGO)
PLÁSTICA 6-ANAYA (SERIE ABRE A PORTA,GALEGO)
MÚSICA- STEP BY STEP (LIBRETO DO ALUMNO) EDITORIAL:
FUZEAU (CASTELÁN)
INGLÉS- COOL KIDS 6 CLASS BOOK EDITORIAL OXFORD.
COOL KIDS ACTIVITY BOOK 4º+ MULTIROM – OXFORD
EDUCACIÓN PARA A CIDADANÍA 6-ANAYA

Este curso só segue o programa de gratuidade de libros no 2º ciclo de Ed. Primaria. Os alumnos de 1º, 2º,5º e 6º de Primaria poden solicitar axudas para a compra de libros que serán tramitadas pola dirección do centro.

XVIII.- FALTAS DE ASISTENCIA:

No que atinxe ás faltas de asistencia dos alumnos acórdase que as súas familias deberán preocuparse por informar ao seu titor da falta e da causa, ben por teléfono ou por un compañeiro veciño; e cando se reincorporen ao Colexio deben traer unha nota asinada polos seus pais.

Tamén se acorda que ningún alumno poderá saír do recinto escolar, en horas lectivas, se non é acompañado polos seus pais ou titores legais, previo aviso á Dirección e ao Profesor titor.

No que atinxe ás faltas de Profesores, seguirase a lexislación vixente sobre o tema.

XIX.- USO DAS INSTALACIÓNS ESCOLARES:

As instalacións escolares, en horario lectivo, son para ser utilizadas polo alumnado. Polo tanto, salvo situacións que se estudarán no seu momento, non haberá persoas alleas nel.

As cesións ocasionais, sempre que non alteren o normal desenrolo do Centro, poderá concedelas a Directora.

Calquera outro tipo de cesión das instalacións seguirá a tramitación legal que se contempla na Orde do 22 de xullo de 1.997, no seu capítulo 3, punto 9.

Calquera desperfecto que se puidera producir nas instalacións do Centro por calquera tipo de cesión será subsanado, e será responsable del a persoa encargada desa actividade, ou o solicitante da cesión.

XX.- TRANSPORTE ESCOLAR:

No presente curso escolar séguese a contar con cinco rutas de transporte, das cales catro son realizadas pola empresa “A Montañesa” e unha por “Rivera Bus S.L.”

Seguen a utilizar microbuses, pois son máis axeitados ao tipo de estradas que hai.

O alumnado deberá observar as normas básicas que dito servizo esixe, buscando sempre o máximo nivel de seguridade.

Todas as rutas de transporte escolar contan con acompañante, o que permite que todos os nenos e nenas de tres anos poidan ser transportados e como consecuencia poidan utilizar o comedor escolar.

XXI.- COMEDOR ESCOLAR:

A responsable do comedor é a directora Dona María Sánchez Seco; a encargada será Dona M^a del Carmen Hernández Moure. Como colaboradores figuran todos os mestres e mestras do centro en quendas e 2 nais de alumnos todos os días.

Procurarase que os alumnos acaden un comportamento correcto na mesa e unhas normas básicas de educación, que contribúan a completar a súa educación integral.

Os alumnos do 3º Ciclo colaborarán no comedor escolar con tarefas sinxelas, aportando así o seu “granciño” de area para seguir mantendo este servizo.

Os alumnos de 3 anos terán dereito a este servizo.

Este curso continuaremos traballando na elaboración do manual de APCC que xa temos posto en funcionamento desde o curso pasado.

XXII.- O CONSELLO ESCOLAR DO CENTRO:

O Consello Escolar do Centro foi renovado no curso pasado. Está formado polas seguintes persoas:

PRESIDENTE : D^a María Sánchez Seco

SECRETARIA : D^a M^a del Carmen Hernández Moure

POLO SECTOR DE PROFESORES:

- D. Norberto Blanco Dorrió

- D^a M^a del Carmen Hernández Moure

POLO SECTOR DE PAIS:

- D^a M^a del Carmen Estévez Rodríguez
- D^a Elena Pedreira Reis

COMO REPRESENTANTE DO CONCELLO:

- D. José Benito González Trigás.

XXIII.- COMISIÓN DE CONVIVENCIA:

Por ser un centro de menos de seis unidades, as funcións da comisión de convivencia son asumidas polo Consello Escolar, sendo a responsable da mesma a directora dona María Sánchez Seco.

XXIV.- COMISIÓN DE AVALIACIÓN DIAGNÓSTICA:

O día 21 de outubro de 2009 terán lugar as probas de avaliación diagnóstica das competencias matemática e de linguaxe aos alumnos que cursaron cuarto curso de Educación Primaria no ano académico 2009/2010.

A comisión de avaliación diagnóstica está formada polos seguintes membros:

- María Sánchez Seco (Directora)
- Norberto Blanco Dorrió (Orientador)
- Mercedes Martínez Biozca (titora de 5º curso)

XXV.- DÍAS NON LECTIVOS:

Propóñense os seguintes:

Serán festas locais as que se celebran no Concello, que para o vindeiro ano, non caen en xornada lectiva.

Serán días festivos por razóns de tradición e conveniencia pedagóxicas o luns día 2 de novembro e o martes 18 de maio.

XXVI.- BIBLIOTECA ESCOLAR:

Como en anos anteriores ponse a disposición dos alumnos os libros que o Centro ten na súa biblioteca.

Faranse préstamos de libros de lectura, que poderán levar para a casa, e devolvelos ao rematar deellos. Tamén se utilizará para realizar traballos de investigación... a traveso das enciclopedias, dicionarios temáticos...

O traballo de control de préstamos realizarao o titor e a mestra responsable da biblioteca.

Este ano foinos concedido a participación no PLAMBE cunha dotación económica de 5000 euros. Trataremos de levar a bo término o proxecto de biblioteca que aprobamos no curso pasado. A maiores, o 10% do presuposto do centro (15000 euros) tamén será destinado a mellorar o funcionamento da biblioteca.

O dinamizador da biblioteca será D. Norberto Blanco Dorrió e a responsable da mesma será dona María Sánchez Seco.

Créase unha comisión de biblioteca a que pertencen todos os mestres do claustro e coordinada polo dinamizador.

XXVII.- ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS:

Coas actividades complementarias, que consideramos fundamentais para a formación integral dos alumnos, perseguimos basicamente dous obxectivos:

- Que consigan unha educación integral, que non só consiste na adquisición de coñecementos, senón tamén de estratexias e actitudes que lles permitan afrontar os problemas que se lles presenten por eles mesmos.
- Seguir mantendo a boa relación que hai coa Comunidade Escolar, e lograr un clima de colaboración entre todos.

PENSAMOS LEVAR A CABO AS SEGUINTEs:

1.- Festividades:

Preténdese con estas datas de festa, darlle unha relevancia especial a certos días que teñen un arraigo especial no ámbito do Centro.

Festa do Magosto: Celebrarase o día 10 de Novembro, con actividades na aula, e se o tempo o permite, faremos un magosto nos arredores do centro.

Uns días antes do Nadal ambientarase o Colexio con motivos relativos a estas datas.

Día da Paz: na semana última de xaneiro conmemoraremos o día da Paz con actividades de clase e de gran grupo.

Festa do Entroido: Nos días anteriores ao venres de Entroido faranse actividades nas aulas, e ese día, 20 de febreiro, farase un desfile de disfraces nos arredores do colexio.

Día da Letras Galegas: Na semana do 17 de Maio, do 11 ao 15, faranse actividades nas aulas para conmemorar esta data e dar a coñecer ao autor ao que se lle dedica este ano ese día. O día 16 de Maio, farase un acto cultural ao que poderán asistir os pais de alumnos que o desexen.

Ademais destas datas que teñen un arraigo especial na localidade, conmemoraremos outras que veñen marcadas pola Consellería de Educación no calendario escolar para o curso.

3.- Actividades culturais:

Realizaranse ao longo do curso diversas actividades culturais, como:

- Organización de conferencias, coloquios...sobre temas que sexan de interese e adecuados para os alumnos.

4.- Actividades deportivas:

Acórdase a participación nalgunhas modalidades do programa “Deporte en Idade Escolar” que patrocina a Dirección Xeral de Deportes da Consellería de Cultura, dependendo das condicións que se esixan, dado que están tratando de cambiar o sistema que se viña utilizando; participaríase en futbito, bádminton e campo a través.

Poderase completar o autobús que os leve nos desprazamentos con compañeiros non xogadores que farán de animadores.

Relacionada co deporte está a clase de Educación Física, que se completará no Pavillón Municipal, que está separado do Colexio uns 300 metros, o que supón que os nenos deban saír do recinto escolar, sempre acompañados polo profesor da área, feito que aproba este Consello Escolar.

5.- Outras:

Participaremos en todas aquelas actividades que nos sexan ofertadas ao longo do curso que consideremos que poden ser interesantes para a formación dos alumnado do centro.

6.- Visitas culturais e excursións:

As visitas e excursións realizaranse preferentemente dentro da Provincia e da Comunidade Autónoma, agás as organizadas por outros Organismos que esixan saír desta.

Con estas saídas perséguese que o alumno poida coñecer o medio xeográfico, social e cultural que está preto de onde vive, e coas máis longas aquel que non lle é tan próximo, para completar así a súa formación.

Están previstas as seguintes:

- Andaina arredores do centro para celebrar o Magosto, na semana do 11 de novembro.
- Participación no Programa de Educación Vial con visita ás instalacións do Pazo de Exposicións de Ourense.
- Viaxe para Ed. Infantil e 1º Ciclo, aínda sen concretar.
- Participación nalgunha das actividades culturais de Caixanova en Ourense ou Carballiño.
- Andainas polos arredores como complemento dalgunha área.
- Excursión de final de curso á praia, aínda sen concretar.
- Ademais destas realizarase tamén calquera actividade, visita ou viaxe imprevisto que xurda e que se considere de interese para os alumnos, previa comunicación ao Consello Escolar do Centro, sempre e cando o presuposto o permita.

Se por falta de tempo, presuposto ou calquera outra circunstancia quedara algunha sen realizar, procuraríase darlle preferencia no vindeiro curso.

XXVIII.- PLANO DE AUTOPROTECCIÓN DO CENTRO:

En cumprimento da Orde de 22 de Xullo de 1.997, no seu capítulo III, punto 8, está en funcionamento o Plan de Autoprotección do Centro, que segue vixente. Este curso redactaremos un novo Plan máis acorde a situación actual do centro.

Contémplanse ademais os seguintes aspectos:

Botiquín escolar: existe un botiquín escolar de urxencias cos materiais máis necesarios que está na Dirección do Colexio.

Para asegurarnos do control dos alumnos, estes só poderán ausentarse do Colexio se os acompañan os seus pais, logo de avisar ao seu titor e Dirección do Centro.

Atención a alumnos accidentados: Nos casos de accidente leve dos alumnos, os Profesores encargaranse de curalos. Nos casos nos que se sospeite unha certa gravidade, avisarase inmediatamente aos seus pais e avisarase rapidamente ao servizo de saúde: 061 ou 112.

Existen tamén extintores, debidamente revisados, para solucionar calquera pequeno conato de incendio.

Intentaremos facer simulacros de evacuación nos que participará todo o persoal do Centro, se ben non será necesario contar con axuda externa.

XIX.- PROXECTO LINGÜÍSTICO

Continúa en vigor o proxecto lingüístico do curso pasado. Xúntase como anexo II.

XXX.- PROXECTO LECTOR

Na mesma sesión en que se aproba este Plan Xeral, preséntase ao Consello Escolar unha nova redacción do Proxecto Lector. Anexo III

XXXI.- PLAN APPCC

Para desenvolver o sistema de autocontrol no comedor escolar que está en funcionamento desde o curso pasado, preséntase, tamén, para a súa aprobación o manual da APPCC. Anexo IV

XXXII.- PROTOCOLO DA GRIPE A

En relación a unha posible pandemia desta enfermidade que afecte aos membros da comunidade educativo, poremos en práctica todas aquelas directrices que nos sexan comunicadas desde as Consellerías de Educación e Sanidade.

O responsable da pandemia no centro será a directora: María Sánchez Seco.

PLAN PEDAGÓXICO

No que atinxe estritamente ao plano pedagóxico, temos feito en anos anteriores o P.E.C., do que seguimos cos mesmos obxectivos: O respecto e o fomento da lectura, xa que como son tan básicos nunca están totalmente acadados, e tamén porque pensamos que a lectura comprensiva é a base para poder avanzar nas outras actividades e os PCCs.

No presente curso escolar levaremos a cabo as seguintes tarefas, ademais das propias da titoría:

- Redacción dun novo PEC adaptado á nova lexislación educativa.
- Modificacións dos P.C.C. para adaptalos aos novos currículos de E. Primaria e Ed. Infantil.
- Toda a comunidade educativa participará de forma activa no Proxecto de fomento do emprego do uso do galego.
- Posta en común e estudio das Ordes da Consellería que incidan no noso labor: LOE, Currículo de Primaria, Ed. Infantil...
- Estudio, comentario e incidencia das novas normas no noso Centro, e elaboración de novos documentos: Proxecto Lingüístico de Galego, Proxecto Lector, Proxecto TICs, Protocolo de comedor....
- Utilizaremos e actualizaremos a Páxina Web do Colexio que xa adquiriu un papel destacado como medio de información de todas aquelas novas relacionadas coa comunidade educativa.
- Intentaremos realizar un Proxecto de formación en centro que versará sobre o traballo coa biblioteca, xa que este ano foinos concedida a participación no PLAMBE.
- Outras actividades de formación do Profesorado: A maioría do Profesorado do Centro ten solicitado cursiños, xornadas... segundo o plan de formación da Consellería para o curso 2.009/2.010. Estamos pendentes da súa concesión.
- O coordinador da formación do profesorado será o orientador D. Norberto Blanco Dorrío.

C.- APROBACIÓN:

O presente Plan Xeral do Centro para o curso académico 2.009 / 2.010, foi aprobado por unanimidade dos membros do Consello Escolar do C.E.I.P. de Nosa Señora de Xuvencos de Boborás na reunión que **se celebrou o día 15 de Outubro do 2.009**, do que como Secretaria dou fe.

Visto e Prace
A Directora

A Secretaria

Asdo María Sánchez Seco
Moure

Asdo: M^a del Carmen Hernández

ANEXO I

Plan de Orientación

ANEXO II

ProXecto lingüístico

ANEXO III

ProXecto lector

ANEXO IV

Plan de APPCC